



Confederación Intersindical Galega
ENSINO

iNFORMA

Xuño 2010

www.cig-ensino.com

Continúan os ataques ao galego por parte de quen o debería defender

Suprímese a continuidade da liña en galego en infantil en 23 centros públicos e 19 concertados, malia haber máis demanda que oferta

Un día máis a CIG-Ensino ten que denunciar a galegofobia da Consellaría de Educación que dedica o seu tempo a ditar continuas instrucións e ordes contra o noso idioma.

Se onte tivemos que denunciar que o único que lle interesa a esta Consellaría é aplicar o Decreto 79 para reducir a presenza do noso idioma mediante a creación de centros bilingües, hoxe temos que denunciar unha nova medida regresiva como é a imposición de que non se poida ofertar ao alumando de tres anos que se incorpora a Educación Infantil a posibilidade de se matricular nunha liña en galego, opción que existía desde hai catro anos. Cómpre lembrar que estas liñas en galego estaban implantadas en centros maioritariamente situados nas

ciudades: Ferrol, A Coruña, Vigo, Lugo ou Ourense, e a escolarización nestas aulas era solicitada polos pais e nais, máis polo que se ve á Consellaría non lle interesa a opinión dos pais neste caso.

Nestes catro anos de existencia da liña en galego en Infantil comprobouse que a demanda destas prazas era maior cá oferta, quedando sen escolarizar, todos os anos, un número importante de alumnos e alumnas. En cidades como Vigo, as peticións para a escolarización nos centros en que se ofertaba esta liña procedían de toda a cidade, dando conta da altísima demanda para a escolarización en galego.

Esta medida afectará a 23 centros públicos e 19 centros privados concertados que maioritariamente entenden que se

debe manter esta oferta, que, ademais, neste momento, non supoñía ningún custe adicional para a Consellaría despois da supresión das axudas o ano pasado, cuestión que xa fora denunciada pola CIG o 22 de xuño de 2009 na Mesa Sectorial, na que denunciámos que se suprimisen unhas axudas que escasamente superaban os 100000€ para un programa que cumpría con todos os requisitos preceptivos, entre eles ser solicitado polos pais e nais. A Xustificación da Consellaría foi os reaxustes orzamentarios, uns reaxustes para facer publicidade en español, como fixeron ao inicio do curso pasado e para facer propaganda do seu Decreto contra o galego.

A CIG-Ensino solidarízase coas coordinadoras e coordinadores provinciais e central de Normalización Lingüística

A CIG-Ensino recibiu a preocupación dos centros ante a dimisión do equipo de coordinadores provinciais e central de normalización.

A CIG-Ensino tivo coñecemento hoxe da dimisión das e dos coordinadores provinciais de normalización lingüística, así como da coordinación central de Compostela. Desde varios centros recibimos mostras de preocupación ao ter coñecemento da dimisión deste equipo de persoas que ao longo de máis de tres anos e medio viñeron desenvolvendo o seu traballo en prol da nosa lingua, propiciando pasos adiante e melloras en diferentes aspectos, e que supuxeron un avance impor-

tante polo seu labor de asesoramento aos centros cos que mantiñan contacto permanente.

A CIG-Ensino quere trasladar-lles publicamente o recoñecemento ao seu traballo e solidarizarse con eles e elas na toma desta decisión que supoñemos difícil, xa que este equipo renuncia ao seu posto dous anos antes de que finalice a duración das coordinacións.

A CIG interpreta que o novo contexto xerado coa derogación do Decreto 124 e agora coa publicación do Decreto 79 puido dificultar o seu traballo e que non contaron co apoio suficiente para o desenvolvemento do seu labor, pois é evidente que o contexto en que deben realizalo mudou de

vez, cunha Consellaría de Educación que neste momento só está preocupada de restarlle presenza ao galego como vimos comprobando e denunciando ao longo destas semanas e que imposibilita a realización de calquera traballo en prol do noso idioma.

A CIG-Ensino considera que a única dimisión que se debería producir na Secretaría Xeral de Política Lingüística é a do seu máximo responsábel Anxo Lorenzo, pola súa actitude antigalega. Desde a toma de posesión veu dando mostras continuadas e inequívocas de que a súa posición é contraria ao noso idioma, adoptando constantes medidas contra del. A CIG-Ensino esíxelle que dunha vez por todas presente a súa dimisión en beneficio da nosa lingua.